



PLAN DE IGUALDADE DE TRATO E OPORTUNIDADES

CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA



CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	2
Información sobre a organización	4
2. PARTES QUE SUBSCRIBEN O PLAN DE IGUALDADE	7
3. ÁMBITO PERSOAL, TERRITORIAL E TEMPORAL	7
3.1 Ámbito persoal	7
3.2 Ámbito territorial	7
3.3 Ámbito temporal.....	8
4. CONCLUSIÓNS DO DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓN E AUDITORÍA RETRIBUTIVA	8
4.1 Cadro de persoal segundo sexo, número total de persoas que conforman o cadro de persoal e proporción entre mulleres e homes.	8
4.2 Conclusións da auditoría retributiva	17
5. DEFINICIÓ DE OBXECTIVOS, MEDIDAS, PRAZOS DE EXECUCIÓN, INDICADORES E MEDIOS E RECURSOS	20
6. CALENDARIO DE ACTUACIÓNS	29
7. SISTEMA DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓ E REVISIÓ PERIÓDICA	34
8. COMPOSICIÓ E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓ DE SEGUIMENTO.....	35
9. PROCEDEMENTO DE REVISIÓ DO PLAN DE IGUALDADE.....	37



1. INTRODUCCIÓN

O compromiso do Consello de Contas de Galicia coa igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes plasmasse no actual Plan estratéxico do Consello de Contas (2023-2028) que se aprobou por unanimidade do Pleno da institución, na súa sesión do 3 de outubro de 2023.

Entre os obxectivos estratéxicos contemplouse o de equilibrar a presenza equitativa dos xéneros en todos os niveis da Institución, para avanzar na implantación dunha cultura de igualdade na Institución. A estes efectos, asumíuse o compromiso de deseñar e implantar un Plan de Igualdade durante o primeiro trienio de vixencia do Plan orientado a establecer os mecanismos necesarios para acadar estas metas.

En consecuencia, mediante acordo plenario de 21 de novembro de 2023, acordouse iniciar a elaboración do I Plan de Igualdade de mulleres e homes do Consello de Contas de Galicia cuxa aprobación atende, ademais, o mandato legal que se recolle, entre outras, nas seguintes disposicións:

- O artigo 5 da *Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, recolle o principio de garantía de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, aplicable no ámbito do emprego privado e no do emprego público, tanto no acceso ao emprego como na formación profesional, na promoción profesional, nas condicións de traballo, incluídas as retributivas e as de despedimento, e na afiliación e participación nas organizacións sindicais e empresariais, ou en calquera organización cuxos membros exerzan unha profesión concreta, incluídas as prestacións concedidas polas mesmas. O artigo 51 da Lei concreta os criterios de actuación que vinculan a todas as administracións públicas en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- A disposición adicional sétima do *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público*, establece a obriga das Administracións Públicas de respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral. Con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes; así mesmo, aprobarán un Plan para a Igualdade entre mulleres e homes para os seus respectivos ámbitos, a desenvolver no convenio colectivo ou acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable. Esta obriga reitérase no artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.



- O artigo 148 da *Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia*, dispón que o plan de igualdade establecerá os obxectivos que se haberán de alcanzar en materia de promoción da igualdade de trato e oportunidades no emprego público, así como as estratexias ou medidas que se haberán de adoptar para a súa consecución. O plan será obxecto de negociación e, no seu caso, de acordo coa representación legal do persoal empregado público na forma que se determine na lexislación sobre negociación colectiva na Administración pública e o seu cumprimento avaliarase de forma periódica.
- O artigo 48 da citada Lei Orgánica 3/2007, establece a necesidade de articular medidas específicas para previr a comisión de delitos e outras condutas contra a liberdade sexual e a integridade moral no traballo.
- A *Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación*, regula os dereitos e as obrigas das persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, establece principios de actuación dos poderes públicos e prevé medidas destinadas a previr, eliminar, e corrixir toda forma de discriminación, directa ou indirecta, nos sectores público e privado.

Atendendo ás anteriores obrigas e ao compromiso desta institución coa igualdade entre mulleres e homes, negociouse coa representación das persoas traballadoras o contido do presente plan que inclúe, como anexo o protocolo de actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo e outras condutas contrarias á liberdade sexual e a integridade moral no traballo.

O I Plan de Igualdade do Consello de Contas de Galicia desenvolveuse nas seguintes fases:

- Compromiso da Institución plasmado no Plan estratéxico e no mencionado acordo plenario do 3 de outubro de 2023.
- Constitución da Comisión negociadora (3.04.2024) conformada de maneira paritaria pola representación da Institución e das persoas traballadoras.
- Elaboración dun diagnóstico previo de situación, a auditoría retributiva e o rexistro salarial. Os documentos tomaron como referencia o Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os Plans de Igualdade e o seu rexistro.
- Elaboración dun protocolo de actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo que se inclúe como anexo ao plan.



- Elaboración dun plan de actuación a partir das conclusións do diagnóstico no que se recollen as medidas e accións necesarias para conseguir os obxectivos que se concretan no presente plan, un calendario de implantación, as persoas ou grupos responsables da súa realización e indicadores de seguimento das medidas.

O Plan configúrase como un proceso de mellora continua para impulsar o avance da institución no seu obxectivo de alcanzar a igualdade real entre mulleres e homes. Para iso, revisaranse periodicamente as actuacións implantadas e realizarase unha avaliación continua das melloras e cambios que achegan solucións a situacións desiguais e, por tanto, inxustas.

En definitiva, preséntase unha ferramenta de traballo acordada por todas as partes sociais da institución con vocación de continuidade que velará pola igualdade entre mulleres e homes no seo da institución.

Información sobre a organización

O Consello de Contas foi creado polo Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, e regulado na Lei 6/1985, do 24 de xuño. Comezou a súa actividade o 1 de marzo de 1991.

É o órgano competente para a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económico-financeira e exerce as súas funcións con plena independencia.

Tras a modificación da súa lei reguladora, en agosto de 2015, asume a nova función de prevención da corrupción no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma xunto con novas tarefas en materia de fiscalización antes non atribuídas e novas funcións de tipo consultivo.

A función fiscalizadora ten por obxecto comprobar o efectivo sometemento da actividade económica, financeira e contable do sector público de Galicia aos principios constitucionais de legalidade, eficacia, eficiencia e economía en relación con todos aqueles actos que dean lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico, así como os ingresos e gastos que deles se deriven e, en xeral, cos relativos á recadación, investimentos ou aplicación de fondos públicos e a súa adecuación á consecución dos obxectivos previstos.

No que atinxe á prevención da corrupción, a institución ten atribuídas as seguintes competencias:

- a) A colaboración coas administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerlles propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos;
- b) A comprobación dos sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha;



- c) O asesoramento sobre os instrumentos normativos máis adecuados para previr e reprimir a corrupción;
- d) O fomento na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial da transparencia e do comportamento ético nas súas relacións co sector público.

De acordo co establecido no Plan Estratéxico para o período 2023-2028, a formulación da misión, visión e valores da institución é a seguinte:


- Misión (propósito). A misión do Consello de Contas é desenvolver de maneira eficaz e construtiva o control externo da actividade económica e financeira do sector público de Galicia, para colaborar na implantación de sistemas eficaces para a prevención da corrupción e a xestión de riscos. na xestión pública, para aumentar a confianza da cidadanía no uso que estas institucións fan dos fondos públicos.
- Visión (modelo). Ser unha institución útil para o sector público de Galicia, valorada pola sociedade galega e caracterizada pola súa independencia e compromiso ético, profesionalidade nos seus membros e estruturas organizativas, rigor nas súas actuacións, calidade e credibilidade dos seus produtos e credibilidade nos seus pronunciamentos.
- Valores (principios). O Consello de Contas apoia a súa actuación nos seguintes valores:
 1. Vocación de servizo público e compromiso coa mellora da xestión das institucións públicas.
 2. Integridade, compromiso ético e exemplaridade individual e institucional.
 3. Independencia e obxectividade.
 4. Profesionalidade e compromiso coa calidade a través do traballo e a formación permanente.

A composición orgánica do Consello de Contas foi establecida polo artigo 6 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto. Segundo o disposto nese artigo, son órganos da Institución:

- O Pleno.
- O conselleiro/a maior.
- A Comisión de Goberno.
- As Seccións: de Fiscalización, de Axuizamento e de Prevención da corrupción.
- Os conselleiros e conselleiras
- A Secretaría Xeral

Para o desenvolvemento da actividade fiscalizadora, o Consello de Contas de Galicia, organízase en cinco departamentos ou áreas dirixidas por un conselleiro ou conselleira.

Baixo a dependencia orgánica da Secretaría Xeral, sitúanse os servizos xurídicos, económicos, administrativos e técnicos necesarios para o desenvolvemento das actividades do Consello. No seguinte organigrama represéntase a estrutura organizativa do Consello de Contas.



ORGANIGRAMA ÓRGANOS COLEXIADOS





2. PARTES QUE SUBSCRIBEN O PLAN DE IGUALDADE

O proceso de negociación do diagnóstico de situación, a auditoría retributiva e o presente plan de igualdade efectuouse no seo da Comisión negociadora que se constituíu o 3.04.2024. Nela participaron, de forma paritaria, a representación da Institución e das persoas traballadoras coa seguinte composición:

- En representación da parte institucional interviñeron na negociación 4 persoas, sendo 2 mulleres e 2 homes, cos seus correspondentes suplentes.
- En representación da parte social interviñeron, os e as representantes dos sindicatos máis representativos e aqueles con lexitimidade para formar parte da Comisión Negociadora, resultando un total de 4 persoas, 3 mulleres e 1 home, cos seus correspondentes suplentes. Neste caso específico, responderon á convocatoria as seguintes organizacións sindicais:
 - CCOO (Confederación Sindical de Comisións Obreiras).
 - CSIF (Central Sindical Independente e de Funcionarios).
 - UXT (Unión Xeral de Traballadores de España).
 - CIG (Confederación Intersindical Galega – CIG-Autonómica).

Os dous últimos sindicatos non responderon o chamamento inicial e uníronse despois da constitución inicial da Comisión Negociadora na sesión do 12.11.2024.

Ademais, contouse co apoio e asesoramento externo da empresa INGADE CONNECT S.L. especializada en materia de igualdade.

3. ÁMBITO PERSOAL, TERRITORIAL E TEMPORAL

3.1 Ámbito persoal

Este Plan de Igualdade aplícase á totalidade dos membros e empregados/as públicos/as do Consello, calquera que sexa a natureza xurídica e duración da súa relación laboral así como as súas circunstancias profesionais e persoais.

3.2 Ámbito territorial



Este Plan de Igualdade é de aplicación no único centro de traballo no que desenvolve a súa actividade o Consello de Contas de Galicia, que ten a súa sede na rúa Domingo Fontán, nº 7, de Santiago de Compostela.

3.3 Ámbito temporal

O Plan de Igualdade de trato e de Oportunidades do Consello de Contas de Galicia entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación e terá unha vixencia de **catro anos** (2025 - 2029), contados desde ese mesmo día. Dentro dos seis meses anteriores á finalización da súa vixencia, deberá iniciarse a negociación do seguinte plan de igualdade do Consello Contas de Galicia.

4. CONCLUSIÓNS DO DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓN E AUDITORÍA RETRIBUTIVA

4.1 Cadro de persoal segundo sexo, número total de persoas que conforman o cadro de persoal e proporción entre mulleres e homes.

O cadro de persoal do Consello de Contas de Galicia a 31 de decembro do 2023 estaba integrado por 83 persoas, 42 mulleres (51%) e 41 homes (49%). Os datos poñen de manifesto unha **presenza equilibrada** de mulleres e homes, nos termos establecidos na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 3/2007, para a Igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Atendendo á **vinculación laboral**, o colectivo con maior representación é o do persoal funcionario de carreira que representa o 84% seguido do persoal laboral, que supón o 10% e o persoal eventual que acada o 6%. A continuación sintetízanse as conclusións en relación con cada unha das materias que foron analizadas no informe de diagnóstico:

4.1.1 Procesos de selección e contratación

- O órgano competente para seleccionar o persoal do Consello de Contas é a Comisión de Goberno.
- A selección do persoal funcionario e laboral realízase mediante convocatoria pública, garantindo os principios constitucionais de acceso ao emprego público. Os procedementos utilizados para a selección ou provisión definitiva dos postos do persoal funcionario, foron a libre designación e o concurso específico. As coberturas temporais efectuáronse mediante comisión de servizo. O acceso



do persoal laboral fixo realizouse polos procedementos previstos no convenio colectivo (concurso-oposición para o persoal laboral fixo e oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia para o laboral temporal).

- Os procedementos de selección e provisión de postos do persoal funcionario e laboral non conteñen nesgos en función do xénero. Realízanse a través de convocatoria pública con suxeición a unhas bases que se aproban para cada proceso garantindo a obxectividade e os principios de igualdade, mérito e capacidade. Asegúrase ademais a transparencia coa publicidade dos procesos de selección. Os procesos de provisión definitiva publícanse no Diario Oficial de Galicia, na páxina web, e na intranet corporativa. No caso de coberturas temporais, a publicidade efectúase neses dous últimos medios.
- Durante o período analizado (2023) non houbo novas incorporacións de persoal na entidade, e produciuse o cesamento definitivo de dous homes, un por xubilación e outro por incapacidade.
- En canto á percepción do persoal sobre a igualdade na selección, o 56% das persoas que responderon a enquisa consideran que a entidade aplica criterios igualitarios na selección do persoal.

4.1.2 Clasificación profesional

- O Consello de Contas é unha entidade “equilibrada”, o 51% do persoal é feminino fronte ao 49% masculino.
- A mediana de mulleres e homes atópase no rango de idade superior, de 46 a 70 anos, con excepción do 6%, que se atopa no rango intermedio de 30 a 45 anos.
- Todo o persoal, independentemente do seu xénero, ten unha antigüidade na administración, de máis de 10 anos.
- Na estrutura horizontal, obsérvase que todas as áreas do Consello de Contas están equilibradas.
- En relación á estrutura vertical, a porcentaxe de mulleres que ocupan postos de maior responsabilidade na organización é menor que a de homes. Con todo, a presenza feminina aumenta nos seguintes niveis de responsabilidade e equilíbranse os postos que requiren menor cualificación.
- Atendendo ao tipo de vinculación, o persoal funcionario presenta unha composición equilibrada de mulleres e homes. Pola contra, está masculinizado o persoal laboral, que comprende maioritariamente o posto de condutor/a, mentres que o persoal eventual, que se corresponde cos postos das secretarías dos conselleiros/as, está claramente feminizado.
- No relacionado coa distribución por grupos ou categorías laborais, os postos reservados ao persoal funcionario que esixen unha titulación universitaria están ocupados por máis homes que mulleres, tanto no subgrupo A1 como A2. Con todo, hai maior presenza feminina no subgrupo C2, para o que se esixe o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. O subgrupo C1, que require título de bacharelato ou técnico, presenta unha composición equilibrada.



- Polo que respecta ao persoal laboral, o 100% das persoas dos grupos III e V son homes e o grupo IV está integrado por unha muller.
- No relativo á distribución do persoal por postos de traballo, existen postos de traballo feminizados na institución (21 mulleres/3 homes): Auditor/a 28, Auxiliar administrativo/a, Secretario/a Conselleiro/a. Hai dous postos que amosan unha presenza equilibrada (13 mulleres e 11 homes), os de Técnico/a auditoría e Axudante Auditoría. Pola contra, os postos nos que se observa maior presenza masculina son os de auditor/a nivel 30, ocupados por 8 homes e 3 mulleres. Tamén están ocupados por homes os seguintes postos de forma unipersoal: Auditor/a técnico/a, Interventor/a, Letrado/a, Xefe/a do persoal, Xefe/a Xestión Asuntos Económicos, Técnico/a Xestión, Técnico/a Informática, Técnico/a Xurídico/a, Administrativo/a informática, Responsable Área Xestión económica e Asuntos Xerais. Pola contra, os seguintes postos están ocupados de forma unipersoal por mulleres: Letrado/a maior, Xefe/a Servizo Informático, Axudante Arquivo e Biblioteca, Secretario/a Secretario/a Xeral e Conserxe.
- Entre os postos reservados ao persoal laboral hai dous postos masculinizados (conductor/a e ordenanza) ocupados por 7 homes e o posto de persoal eventual (Secretario/a dous conselleiros/as), ocupado por 5 mulleres, está feminizado.

4.1.3 Formación

- Nos dous exercicios analizados o Consello de Contas non dispoñía dun plan de formación propio, que se está tramitando na actualidade. Calquera persoa pode solicitar os cursos que se ofertan, tanto pola propia Institución como pola Escola Galega de Administración Pública, sen que se advirta discriminación por razóns de xénero no acceso ás actividades formativas ofertadas.
- A formación realízase habitualmente durante a xornada laboral a través de diferentes modalidades, presencial, online e mixta. Adoita ofrecerse a alternativa de teleformación o que ten un efecto positivo na conciliación.
- Durante os dous anos analizados (2022 e 2023) non se organizaron actividades formativas en materia de igualdade de xénero e de oportunidades entre mulleres e homes.
- Segundo os datos facilitados pola entidade, que se limitan a unha parte das actividades formativas, existe unha repartición equitativa das horas de formación entre mulleres e homes (52% para mulleres e 48% para homes).
- O 85% das persoas que responderon á enquisa (80% de mulleres, 90% de homes e 100% do resto de xéneros) considera que a formación no Consello de Contas de Galicia é accesible para todo o persoal independentemente do seu xénero.



- O formulario para solicitar a asistencia a accións formativas está incorporado na sede electrónica do Consello de Contas. A linguaxe que se utiliza non é inclusiva xa que se inclúen termos exclusivamente en masculino.

4.1.4 Promoción profesional

- No período analizado (2020-2023) houbo 11 promocións ás que accederon máis homes (64%) que mulleres (36%).
- Todos os ascensos afectaron a persoal funcionario e, na súa maioría, a postos de auditoría.
- A maioría das promocións (7) realizáronse a través dun concurso específico e tamén houbo promocións por comisión de servizo (3) e por libre designación (1).
- Os procesos de promoción no Consello de Contas realízanse mediante convocatoria pública que se difunde a través da páxina web, intranet corporativa e/ou publicación no DOG. A ambos os dous sexos garánteselles a oportunidade de presentar candidaturas a postos de nivel superior e os criterios que se teñen en conta para a promoción son obxectivos, relacionados coa formación, a experiencia e as competencias profesionais.
- Existe un descoñecemento do sistema de promoción profesional entre o persoal, o 47% das mulleres e o 45% dos homes afirman que non saben como promocionar.
- A percepción do persoal sobre a igualdade de oportunidades de ascenso é máis positiva entre os homes. Estes manifestan acordo en relación á igualdade de oportunidades para promocionar (50%) e consideran que se aplican criterios de igualdade (60%), mentres que esta opinión descende ao 43% e ao 37% no caso das mulleres, que só aumenta ao 50% cando se pregunta se as condicións de promoción son as mesmas para as persoas que se acollen a medidas de conciliación.

4.1.5 Condicións de traballo.

- Non existen inaplicacións de convenio.
- A entidade declara que dispón de maneira actualizada de toda a documentación de Prevención de Riscos Laborais en base á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e as súas posteriores modificacións.
- Non houbo ningunha denuncia de acoso sexual e/ou por razón de sexo polo que non procede analizar a implementación, aplicación e procedementos resoltos. Está a elaborarse actualmente o correspondente protocolo de prevención e actuación de acoso sexual ou por razón de sexo, ao mesmo tempo que se realizan os traballos de implementación do plan de igualdade. Procederase, unha vez finalizado, a súa comunicación e difusión a todo o persoal e á realización da formación específica sobre esta materia.



- Nos últimos dous anos houbo certas modificacións nas condicións de traballo, referidas ás promocións. Doutra banda, todas as decisións importantes que implican cambios de calquera tipo en condicións de traballo, négóciase coa RLPT (representación legal de persoas traballadoras) no que ao persoal laboral se refire.
- A xornada laboral esténdese, con carácter xeral, desde as 8.00 horas ata as 15.00 horas e contéplase a posibilidade de teletraballo para todos os postos de traballo dentro da entidade, agás aqueles nos que a prestación efectiva só queda plenamente garantida coa presenza física do/a empregado/a.
- Todas as persoas traballadoras da entidade teñen dereito á desconexión dixital fóra da súa xornada laboral.
- O control horario rexístrase mediante fichaxe, a través da tarxeta de proximidade. A entidade conta cunha aplicación de control horario e presenza na nube pública en modalidade Software as a Service (SaaS). Dispón dun único terminal de fichaxes, instalado na porta de entrada do edificio da institución.
- Da análise dos datos de baixas, permisos e excedencias non se observan patróns distintivos, senón que os datos que se analizan seguen unha distribución estatisticamente parecida ás do persoal en xeral :
 - A porcentaxe de excedencias e permisos dentro do total do persoal foi do 36%, composto por un 36% do total das mulleres e polo 37% do total dos homes.
 - A maior parte dos permisos e excedencias son solicitados por persoas de idade comprendida entre os 45 e 70 anos, tanto para mulleres como para homes, por ser o grupo de idade maioritario na institución.
 - O persoal laboral que solicitou permisos dispón dun contrato indefinido a tempo completo, o resto é persoal funcionario, e unha muller persoal eventual.
 - Todo o persoal con permisos e excedencias ten unha xornada continua.
 - En relación á xerarquía, case todo o persoal con permisos e excedencias no período, é persoal cualificado ou mandos intermedios con algunhas excepcións que teñen baixa cualificación (homes).
 - En todas as áreas solicitáronse permisos, sendo para ambos os sexos as de Corporacións Locais e a de Secretaría Xeral as máis representadas.
 - Os postos maioritariamente representados na solicitude de permisos foron os de Auditor/a 30, Auditor/a 28 e Técnico/a Auditoría, para o persoal feminino, e Conductor/a para o masculino.
 - Atendendo ao nivel formativo, o persoal con niveis formativos universitarios foi o que solicitou máis permisos, seguido do persoal con Bacharelato ou FP grao superior e unha porcentaxe pequena de persoal laboral con estudos primarios.



4.1.6 Exercicio corresponsable dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral

- A entidade inclúe medidas de conciliación na súa Instrución sobre permisos, licenzas e vacacións, ademais das que se derivan da aplicación do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei de Emprego Público de Galicia, o Estatuto dos Traballadores, o Convenio Colectivo e a lexislación vixente en materia de igualdade.
- Non existen campañas de concienciación sobre o dereito á conciliación.
- A institución afirma que promove o exercicio corresponsable do dereito á conciliación entre mulleres e homes e que foron informados sobre as medidas ás que teñen dereito, pero as respostas da enquisa do 63% do persoal revelan un descoñecemento respecto das medidas que se poden solicitar.
- A institución considera que promove o exercicio corresponsable do dereito á conciliación de mulleres e homes para que accedan en condicións de igualdade ás medidas de conciliación e non sexan discriminados/as nos ascensos ou promocións polo exercicio destes dereitos. Ademais, as persoas con responsabilidades de coidado teñen máis oportunidades de adaptar o seu horario laboral.
- Os resultados da Enquisa ao persoal sobre medidas de conciliación entre vida laboral e persoal revelaron o seguinte:
 - O 44% das persoas afirma coñecer as medidas de conciliación dispoñibles e o 58% considera que a Institución non informa adecuadamente sobre elas, porcentaxe que descende ao 38% cando se pregunta se o Consello de Contas favorece a conciliación entre ambos os sexos.
 - O 50% das persoas considera que as persoas que se benefician de medidas de conciliación teñen as mesmas oportunidades de promoción ou ascenso profesional.
 - A maioría (75%) cre que pode equilibrar a súa vida persoal e laboral.

4.1.7 Infrarrepresentación feminina

Como resultado da análise no diagnóstico, obtivéronse as seguintes conclusións:

- Segregación vertical: o seu estudo dentro da institución revela certas diferenzas na distribución de xénero segundo o nivel xerárquico dos postos. Nos mandos intermedios obsérvase unha maior representación masculina (35-65%), especialmente en 2020 e 2023, o que podería indicar unha barreira para a promoción das mulleres a eses cargos. No persoal cualificado, a distribución é máis equitativa (49-51%), cun aumento da presenza feminina en 2023, o que suxire unha posible mellora na igualdade de oportunidades neste nivel. Doutra banda, nos postos de menor cualificación, a proporción varía entre un 41% e un 54% de mulleres, cun incremento masculino en 2022. Con todo, isto non cuestiona



a equidade na institución, xa que o acceso e a selección do persoal no ámbito público réxese polos principios de mérito e capacidade, garantindo un proceso transparente e obxectivo. A distribución observada responde a múltiples factores, como a evolución profesional dentro da institución, a dispoñibilidade de candidaturas ou a propia estrutura e necesidades das diferentes áreas.

- Segregación horizontal: obsérvase que tanto homes como mulleres están presentes en todas as áreas analizadas, con variacións nas porcentaxes de representación ao longo dos anos. Con todo, non se detecta unha segregación horizontal marcada, xa que non hai unha concentración extrema dun só sexo en áreas específicas de maneira constante. Aínda que nalgúns anos certas áreas contaron cunha maior proporción de mulleres (como Sergas en 2022, cun 67% de mulleres, ou Corporacións Locais en 2021, cun 64%), e outras con maior presenza masculina (como Secretaría Xeral en 2021, cun 63% de homes), estes cambios non foron uniformes nin permanentes no tempo, polo que non se pode afirmar que exista unha segregación horizontal importante na organización.

4.1.8 Retribucións

Como resultado da análise no diagnóstico, obtivéronse as seguintes conclusións:

- Obsérvase que se trata dunha entidade equilibrada, que o foi desde os inicios, como institución pública que é, atendendo ás probas obxectivas á hora de incorporarse á mesma.
- A institución decidiu realizar unha auditoría retributiva para todo o persoal, e non soamente para o laboral (único obrigado por RD 902/2020 de igualdade retributiva, segundo Disposición Adicional cuarta).
- Para a realización do rexistro retributivo da entidade tomouse como agrupación de análise a extraída tras a VPT para CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, derivada da ferramenta ministerial (Orde PCM/1047/2022, do 1 de novembro, pola que se aproba e publícase o procedemento de valoración dos postos de traballo previsto no Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes).
- Obsérvase que dentro dos postos de traballo de igual valor da entidade percíbense sempre os mesmos complementos en función da vinculación do persoal como funcionario ou persoal laboral.
- Non se aprecian diferenzas significativas nas remuneracións percibidas, entre mulleres e homes. A presenza feminina nos niveis salariais altos é notable, o que reflicte unha tendencia cara á equidade na retribución dentro da institución. Os datos analizados indican que non existen tampouco diferenzas salariais significativas entre homes e mulleres dentro do mesmo posto de traballo, xa que ambos os sexos distribúense de maneira homoxénea dentro das mesmas bandas salariais.



- As variacións entre os salarios efectivos e os anualizados responden á estrutura retributiva dos diferentes réximes de persoal (funcionario, laboral e eventual). A desaparición dos tramos máis baixos tras a normalización indica que esas diferenzas salariais estaban vinculadas aos esquemas retributivos específicos de cada réxime e non a desigualdades estruturais.
- No que se refire á percepción do persoal sobre a igualdade retributivas os resultados da enquisa revelaron que existe un amplo consenso en canto a ausencia de discriminación.
 - O 70% das mulleres, 90% dos homes e 100% doutro xénero, consideran que os complementos salariais distribúense de xeito igualitario para todo o persoal.
 - Un 83% das mulleres, un 90% dos homes e o 50% de persoal doutro xénero, comparten que na institución non existe discriminación salarial por razón de sexo.

4.1.9 Prevención do acoso sexual e por razón de sexo

- Non se dispón dun protocolo de prevención e actuación ante casos de acoso sexual e/ou por razón de sexo, está a realizarse e sendo obxecto de negociación á vez que se realiza este informe de diagnóstico, polo que as respostas da enquisa ao persoal previa á elaboración do diagnóstico poden resultar algo confusas.
- Ata o de agora nunca se deu o caso de existir denuncias internas por sospeitas de acoso polo que non existe máis información a analizar no contexto desta materia.
- Segundo os resultados da enquisa realizada:
 - O 70% de mulleres e o 85% de homes manifestan que non se sentiron discriminados/as por razón do seu sexo.
 - O 13% das mulleres (4) afirma ter sufrido acoso por razón do seu sexo.
 - O 98% das persoas manifestan que non sufriron acoso sexual (100% do persoal masculino, e 80% do feminino e 50% doutro xénero).
 - Soamente unha muller manifesta ter sufrido acoso sexual. Dado que non existe denuncia algunha na organización, e a pregunta non especifica se o acoso tivo lugar no ámbito laboral, habería que profundar máis para coñecer o caso.
 - Obsérvase descoñecemento en canto á existencia dun procedemento na organización por parte do 83% do persoal feminino, o 70% do masculino, e o 50% doutro xénero. A isto súmase que máis da metade do persoal non sabería que medidas aplicar.
 - O 50% dos homes e o 30% das mulleres sabería como actuar se fose testemuña dunha situación de acoso, fronte ao 40% de mulleres que non, unido ao resto de persoal que non sabe que responder.



- Sería recomendable realizar unha enquisa en período de seguimento, unha vez implantado o plan e elaborado e difundido o protocolo de acoso, para poder valorar de novo estas cuestións e comprobar se houbo cambios. Proponse a súa inclusión como medida.

4.1.10 Saúde laboral con perspectiva de xénero.

- O prego de prescricións técnicas do contrato coa Mutua inclúe previsións específicas para a vixilancia da saúde, con especial atención a traballadoras embarazadas ou en período de lactación, e a persoal especialmente sensibles a determinados riscos.
- A inclusión da valoración de riscos específicos para mulleres embarazadas e persoal sensible é un punto positivo, xa que recoñece as diferenzas biolóxicas e as posibles vulnerabilidades.
- A posibilidade de complementar os recoñecementos médicos con especialidades xinecolóxicas e análises PSA (Antíxeno Prostático Específico), a solicitude do persoal é un avance cara á personalización da atención.
- A realización de mamografías e ecografías mamarias a criterio facultativo tamén debe de terse en conta de maneira moi positiva.

Non obstante, contémpanse as seguintes áreas de mellora:

- Desenvolver protocolos de actuación claros e detallados para a valoración de riscos con perspectiva de xénero.
- Promover a información e sensibilización sobre a saúde laboral con perspectiva de xénero entre todo o persoal, para garantir que coñezan os seus dereitos e as opcións dispoñibles.
- Que os recoñecementos médicos teñan en conta os riscos psicosociais diferenciados por xénero.

4.1.11 Violencia de xénero.

- O Consello de Contas non dispón dun protocolo específico de atención a traballadoras vítimas de violencia de xénero nin se impartiu formación ou accións de sensibilización nesta materia.
- Non se ten coñecemento que no persoal do Consello existan mulleres que sufrisen ou estean a sufrir violencia de xénero.
- O Consello de Contas estableceu a tolerancia cero ante calquera forma de violencia de xénero como principio fundamental e innegociable no seu ámbito laboral.
